

Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións***ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO "SUBXEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN  
E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO" (EXPEDIENTE 47086/220)*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de novembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.— Adxudicar a M. ESTÉVEZ PRADO, con DNI \*6\*4\*\*8\*\* o posto de traballo de Subxefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (posto de traballo código 2130102 da vixente relación de postos de traballo)

SEGUNDO.— Dispoñer que a formalización da toma de posesión realizárase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria, requirindo ao interesado para a aportación, no prazo posesorio, de copia auténtica da titulación académica oficial cuxa validación consta aportada no procedemento (arquitecto/a)

TERCEIRO.— Ordear a publicación da resolución da convocatoria Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.— Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde.

P.D. A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024).- María Olga Alonso Suárez.

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: BBAEZFLHSLD01XMV

